CARREIRA (Santiago)

Por Evaristo Domínguez e Xosé Mª Lema

A parroquia de **Santiago de Carreira**, formaba parte no Antigo Réxime da xurisdición de Vimianzo, baixo o dominio do conde de Altamira. O dereito de presentación correspondeu nestes séculos pasados ó propio conde de Altamira e ó fidalgo don Sueiro Gómez de Soutomaior. É freguesía anexa de Gándara. A súa extensión é pequena (soamente uns 5,20 km^2) e conta unicamente con dúas entidades de poboación: Carreira e Pedramaior.

Está situada na parte oriental do terzo norte do concello abeirada coa de Santa Sabiña do concello de Santa Comba. Dentro do concello de Zas linda coa de Gándara polo N e polo NE; coa de San Cremenzo de Pazos polo NO e coa de Mira polo S. Nun tramo moi curto chega a tocar coa de Lamas, polo O. Nun só punto: A Pedra dos Cregos (da que xa se ten falado) linda, tamén, coa de Zas. Polo E ten lindes coa de Santa Sabiña (Santa Comba).

SUMARIO

1. **O relevo**
2. **Hidrografía**
3. **Xeoloxía**
4. **Demografía**
5. **A orixe dos nomes do lugares de Carreira**
6. **A igrexa parroquial de Santiago de Carreira**
   A imaxe de Santiago máis antiga da Costa da Morte
   Achado de tres sartegos suevos e unha antiga pía bautismal (1998)
7. **Unha parroquia cun asociacionismo moi vivo**
8. **Carreira, tema de estudo dunha antropóloga canadense.**
9. **Parroquia pioneira na recuperación do liño**
10. **Carreira nos documentos históricos**
11. **Outras curiosidades históricas de Carreira (séc. XIX)**
12. **Festas parroquiais**
13. **Inventario dos bens do patrimonio de Carreira**
14. **Bibliografía básica**



Mapas da parroquia de Santiago de Carreira - Fonte: A) http://www.ign.es/iberpix2/visor/



B) PXOM de Zas

A súa forma é máis ben rectangular orientada de SE a NO. Nos seus lados menores linda -polo sueste, pola zona do Pico de Meda-, con Santa Sabiña; polo NO ten a San Cremenzo. Polos seus lados maiores ten a Gándara polo norte e Mira polo sur.

1. RELEVO

O lugar de Carreira, co Pico de Meda ó fondo. [Foto XMLS]

Ó igual que sucedía coas parroquias de Zas e de Mira, a de Carreira participa das terras máis altas da Serra de Santiago, que leva unha dirección N – S, e das máis achanzadas do val de Soneira.

No extremo oriental comparte o cume de Pico de Meda coa parroquia de Gándara. Este cume é o máis elevado de toda a contorna. Del dicía Otero Pedraio que era "o cerne e reitor das paisaxes desta Galicia". Non se poñen de acordo os distintos mapas sobre a súa altitude; así no Instituto Geográfico Nacional (IGN) dá unha altitude de 561 m, en tanto que no Mapa Topográfico Nacional (MTN) a escala 1:25.000 figura a de 566 m.

Sexa como fose é o cume senlleiro de todo este cordal prolongación da penechaira do Xallas con respecto a cal actúa como un salto considerable para pasar a outra chaira –O Val de Soneira- pero que está a un

nivel duns 300 metros inferior a aquela.

Se ben toda a parte superior deste cordal presenta formas achanzadas, o certo é que no que corresponde a Carreira estas zonas elevadas e planas son pouco extensas e, de seguido, comeza un descenso con pendentes considerables ata chegar ás terras de cultivo da parroquia. Deste xeito nun quilómetro e medio en liña recta entre Pico de Meda e a localidade de Carreira hai un desnivel de máis de 300 m

Lugar de Pedramaior (foto EDR)

Case sen transición entre estas abas montañosas e o resto das terras da parroquia, dá comezo o Val de Soneira, que ocupa a metade occidental da parroquia e na que non haberá ningunha elevación digna de mencionar, se acaso unha ínfima caída cara o curso do río de Mira (aquí xa recibe o nome da Ponte Represa ou de Carreira).

2. HIDROGRAFÍA

Ó quedar ó pé do cordal de Pico de Meda fai que a escorrentía das augas dos montes teña bastante importancia, aínda así non hai regatos que destacar a non ser o río de Mira, que entra na parroquia preto da ponte que hai na estrada que vai a Zas (a Ponte Represa). De aí que, unha vez que entra nas terras da parroquia sexa coñecido por ese nome ou tamén polo nome de río de Carreira.

Praia fluvial *O Prado Vello*, en Carreira, formada cun desvío de parte das augas do río de Mira. Instalacións anexas. [Fotos DR]

O río xuntará as súas escasas augas coas do río do Sisto non moi lonxe da aldea de Castro (San Cremenzo de Pazos), despois de levar un discorrer de S a N. como case todos os ríos que conflúen no río do Porto. Como corresponde a un río de chaira, no seu percorrido dentro da parroquia, duns catro quilómetros, tan só ten que salvar un desnivel de arredor duns dez metros. Aproveitando o seu curso, a asociación veciñal O Santiaguiño preparou hai anos unha praia fluvial *"O Prado Vello"* cunha serie de instalacións accesorias.

3. XEOLOXÍA

Son cinco os tipos de materiais xeolóxicos que atopamos en Carreira, con bandas paralelas orientadas de N a S e case idénticos ós que se podían ver tanto na parroquia de Zas como na de Mira.

Comezando polo leste atopámonos coa mole de Pico de Meda como cume senlleiro da Serra de Santiago, formado todo el por granito de dúas micas de gran medio a groso tipo Dumbría, de época hercínica**. (1)**

Unha segunda banda, moito máis estreita, estaría integrada por xistos e paragneises con algunhas paranfibolitas intercaladas do período Cámbrico – Silúrico, que formaría parte do dominio migmatítico e de rochas graníticas do grupo de Laxe. **(2)**

A seguinte banda, moi parecida á anterior, que conta cunha composición moi similar a ela pero con porfiroblastos de plaxioclasa orixinados no Cámbrico ou anteriores, formando parte do complexo de Noia ou Fosa Blastomilonítica. Un fino afloramento da seguinte banda introdúcese no medio desta. Sobre estas dúas bandas é onde se asentan os dous núcleos de poboación da parroquia. **(3)**



Composición xeolóxica da parroquia:
http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0_G50/Editado_MAGNA50_68.jpg)

A última, de anchura superior ás dúas anteriores está composta de gneises félsicos con retroecloxitas intercaladas, que serían da mesma época e do mesmo complexo cá anterior. **(4)**

Dado que o río discorre con moi pouca pendente non é de estrañar a existencia de material sedimentario nas súas marxes, do período Holoceno, no Cuaternario. **(5)**

Aínda que en moi pouca superficie, tocaría o extremo SO da parroquia unha estreita e alongada banda de ortogneis con anfíbol que arrancaría

ó sur do monte Brondo. **(6)**

4. DEMOGRAFÍA

Temos os seguintes datos da súa evolución demográfica: 27 veciños (1607), 44 vec. (1753), 47 vec. (1769), 139 vec. e 869 hab. (xunto con Gándara, a súa parroquia principal, en 1791), 35 vec. e 200 hab. (1836), 23 vec. e 203 hab. (1845), 348 hab. (1928), 82 vec. e 445 hab. (1965).

Ó longo do século XX a poboación dos dous núcleos e do total parroquial así como as porcentaxes de aumento ou diminución con relación a 1900 tanto da parroquia como do concello foron os seguintes:

ENTIDADES	1900	1910	1920	1630	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	2000
Carreira	212	230	214	231	250	272	282	299	253	215	189	187
Pedramaior	92	96	102	105	93	126	128	130	108	97	91	84
Outros	28	22										
CARREIRA	336	348	316	336	367	398	410	429	361	312	280	271
Porcentaxes %	100	103,6	94,,1	100	109,2	118,5	122	127,7	107,5	92,86	83,33	80,65
TOTAL DO CONCELLO	5733	5547	6272	6275	7747	8004	8098	8471	7285	6560	6.160	5.219
CONCELLO %	100	96,76	109,4	109,5	135,1	139,6	141,3	147,8	127,1	114,4	107,5	91,03

Evolución da poboación das aldeas, da parroquia e do concello ó longo do século XX. Ano 1900 = Índice 100%

Polo que respecta ós anos que van transcorridos do século XXI a evolución demográfica e as porcentaxes das súas aldeas e do total parroquial e municipal foi o seguinte

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Carreira	186	185	179	176	171	172	166	159	155	151	148	143	146	140	133	130
Pedramaior	80	81	74	70	70	67	66	63	64	56	53	56	56	55	53	52
CARREIRA	**266**	**266**	**253**	**246**	**241**	**239**	**232**	**222**	**219**	**207**	**201**	**199**	**202**	**195**	**186**	**182**
Porcentaxes % (1)	100	100	95.1	92.5	90.6	89.8	87.2	83.5	82.3	77.8	75.6	74.8	75.9	73.7	69.92	68,42
% 1900 (2)	79,17	79,17	75,3	73,2	71,7	71,1	69,0	66,0	65,1	61,6	59,8	59,2	60,1	58,0	55,4	54,2
% CONCELL. (3)	100	98,7	97,0	95.2	93,8	92.1	90.1	88.6	87.4	86.0	84.7	82.9	80.9	79.6	78.67	77,37

Evolución da poboación da parroquia, as súas aldeas e porcentaxes no que vai do século XXI. * (1) Ano 2001 = Índice 100% . (2) A mesma porcentaxe se a comparación se fai coa poboación de 1900. (3) Evolución das porcentaxes a nivel municipal



Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes

Nunha análise superficial sobre a evolución demográfica da parroquia atopámonos con estes feitos:

a) Agás na década dos anos vinte do século XX o número de habitantes sempre foi superior ó que tiña a comezos dese século ata os anos setenta, nos que comeza un paulatino pero imparable descenso demográfico.
b) Que na época na que estivo máis densamente poboada foi na década 1970-80.
c) Que entre os anos 70 e o 2000 a poboación descendeu en máis dun 40%.
d) Que ese descenso imparable se mantivo nos anos que van do século XXI.
e) Que no ano 2016 a poboación parroquial apenas superaba a metade da que tiña a comezos do séc. XX.
f) Que o descenso operado no presente séc. XXI foi case un 9% superior á media do concello de Zas.

5. ORIXE DOS NOMES DE LUGAR DA PARROQUIA DE CARREIRA

Carreira é un topónimo viario (< lat. *carraria*, derivado de *carru* 'carro'). Fai alusión a un camiño de carro importante que pasaría por este lugar. Está en relación con Carral, Carril e outros semellantes.
Trátase dun nome de lugar bastante frecuente en Galicia, pois lévano 51 lugares en total, 46 deles precedidos do artigo (A Carreira), e 5 sen el, entre eles o noso, que, ademais, é o único que dá nome a unha parroquia.

Como **apelido** tamén é bastante frecuente en Galicia, pois lévano de primeiro ou de segundo 4.555 galegos/as; ocupa o lugar 141 dos apelidos galegos. No ámbito da Costa da Morte conta cun número apreciable de portadores, sobre todo nos concellos de Dumbría e Mazaricos, que poderían ter a súa orixe remota nesta parroquia do concello de Zas (https://ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=CARREIRA).

O lugar de Carreira desde o Pico de Meda (XMLS)

Pedramaior podería facer alusión a un antigo marco de pedra de apreciable tamaño colocado para establecer lindes (neste caso podería ser un linde de tipo parroquial, coa veciña Mira). Así e todo, e dada a súa situación orográfica -nunha zona moi pedregosa do somonte da serra de Santiago ou do Pico de Meda-

, tamén puidera tomar o nome dunha desas pedras senlleiras que, por algunha característica especial, mereceu recibir un nome propio da xente; compróbese no mapa topográfico a abundancia de pedras con nome nesta zona: Pedras Miúdas, Pedra da Aiga, Pedra Garrida, Pedra da Xesta, Pedra Branca, As Penas, Camiño da Pedra, Seixo Branco etc.

6. A IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE CARREIRA

Igrexa de Santiago de Carreira, exterior (foto EDR)



Planta da igrexa de Carreira (XMLS)

A igrexa de Carreira presenta planta de salón, conformada por un presbiterio cuadrangular (6,25 m de lado) e unha nave rectangular (10 x 6 m). Apegada ó muro leste do presbiterio, a sancristía (3 x 6,25 m).

Orixinal pía bautismal, de barro de Buño, da igrexa de Carreira (XMLS)

As reformas de contra o ano 1966 -as bóvedas de canón de cemento, o revestimento das paredes etc.- afearon o templo e fixeron desaparecer en boa parte a arquitectura anterior, da que só quedarían os nichos dos altares laterais e a espadana da fachada.

De seguido, os datos de obras anteriores ó séc. XX, contidos nos libros de fábrica da parroquia (Lema Suárez 1993-III: 541-542):

A principios do séc. XVII fundáronse dous altares laterais na nave: o da parte norte (o lado do evanxeo), dedicado a san Xurxo; o do sur (lado da epístola) a san Silvestre. Eran capelanías pobres, con patronos que nin sequera tiñan renda con que mantelas e acabaron desaparecendo, así coma os seus santos titulares.

No último terzo do séc. XVII, en 1679, realízanse obras no penal da fachada, polas que os fregueses protestan alporizados por teren que asumir os custos. Contra 1714 reconstrúese a capela maior e faise unha nova sancristía.

Xa en 1804, Ignacio García -mestre de obras de Follente- constrúe dous altares colaterais na nave; ese mesmo ano un escultor de Santiago failles senllos retablos.

Por volta de 1879 houbo outra importante reforma que atinxiu o artesoado e teito do presbiterio e ó faiado da sancristía, levada a cabo polo canteiro e pintor de Carballo Juan Cierto Rudiño.
Pero a remodelación dos anos sesenta do séc. XX borrou a maior parte dos vestixios arquitectónicos do pasado; só quedaron os arcos e as pilastras dos altares laterais e a espadana da fachada.

Tampouco conta con retablos esta igrexa. De entre as súas imaxes podemos destacar a do patrón **Santiago** (vestido á maneira dos peregrinos a Compostela, obra de estilo ecléctico de fins do séc. XIX ou principios do XX), a da **Virxe do Rosario** (séc. XIX) e a da **santa Mariña:** talla do derradeiro terzo do séc. XVIII; represéntase á santa vestida coma unha princesa, e como atributo leva baixo os seus pés un dragón arrepiante, que representa ó demo: a meirande parte dos artistas confundiron a iconografía desta santa coa de santa Margarida de Pisidia, de aí que apareza cos atributos desta, coma por exemplo o dragón. Hai outras imaxes (santo Antonio, san Roque, un crucifixo etc.).

Interior da igrexa de Santiago de Carreira (XMLS)

A imaxe de Santiago máis antiga da Costa da Morte

Nas reformas arquitectónicas que se fixeron na igrexa contra 1964-65 atopouse enterrada unha escultura dun **Santiago peregrino**. Coma no caso do Cristo de Meanos, lembremos que a Igrexa ordenaba que as imaxes apartadas do culto se destruísen, queimándoas se eran de madeira ou enterrándoas se eran de pedra.

A imaxe levouna o párroco para a súa casa e nunca máis se soubo dela. O certo é que o crego, Benigno Riveiro, si que notificou o seu achado no Arcebispado de Santiago, pois tres ou catro anos despois aparecería un breve estudo dela da man do polígrafo Fermín Bouza Brey en *Compostellanum*, revista da Arquidiocese de Santiago (Bouza Brey 1968: 358).

Neste artigo dísenos que a imaxe, de pedra calcaria, medía arredor de 1 m de altura e que constaba de dúas pezas: unha correspondente ó busto e a outra ó resto do corpo. Ó contrario doutras imaxes de Santiago peregrino, esta non cubría a cabeza cun sombreiro de aba ancha, senón que a tiña descuberta, cunha longa cabeleira de raia ó medio que lle caía nos ombreiros; rostro sorrinte e abundante barba rizada.
Vestía túnica con dobras verticais tubulares, moi opaca, que só deixaba ver os dedos dos pés. Sobre esta túnica, unha capa lixeira sobre os ombreiros, que parece que lle apertaban os brazos, moi pegados ó corpo. Só quedan á vista as mans: na dereita levaba un filacterio (rolo de pergamiño) que debeu ter pintado un letreiro alusivo ó apóstolo; na esquerda empuñaba un bordón ou bastón de peregrino. Do ombro dereito colgaba a correa do zurrón ata a coxa esquerda.

Era dunha imaxe de estilo gótico, do séc. XIV, a máis antiga representación do Apóstolo no ámbito da Costa da Morte, pois é un cento de anos máis vella có Santiago peregrino do iconostasio (muro ou tabique do presbiterio) de Santa María das Areas de Fisterra (Lema Suárez e López Añón 2011: 25).

Imaxe de Santiago peregrino do séc. XIV, hoxe en paradoiro descoñecido (foto de 1968 da revista *Compostellanum*)

Aínda hoxe en día (2018) se ignora onde se atopa depositada. Sería ben que o Concello de Zas se

interesase polo seu paradoiro.

Achado de sartegos suevos e dunha pía bautismal no adro parroquial

En 1998 construíronse unhas escaleiras de acceso ó templo parroquial. No desmonte para esta obra apareceron **tres sartegos de pedra** de dimensións considerables, de dobre estola. Pola súa semellanza cos do adro de Tines (Vimianzo) datáronse no séc. VI, na época do reino galego dos suevos. Xunto coas tumbas tamén se descubriu unha **antiga pía bautismal**. Polo que se di no libro da antropóloga Sharon Roseman (2008: 86) seica un museo "da cidade" pediu as pezas, pero a Asociación O Santiaguiño negouse a cedelas e contestou dicindo que "a xente que quixera aprender algo sobre o pasado desta parroquia debería vir a ela".

Unha das tampas de cubrición dos sartegos suevos achados en 1998 (foto EDR)

Nun principio, esta resposta parece que demostraba un interese veciñal pola conservación do seu patrimonio arqueolóxico, pero o certo é que na actualidade (2018) só están localizables a parte inferior dunha desas tumbas (de maseira dos porcos nunha casa particular!) e a tampa doutra, esta conservada no local da Asociación O Santiaguiño. Onde van as outras dúas tumbas pétreas e a pía bautismal? Tamén sería bo que o Concello de Zas investigase o asunto, pois nalgún sitio teñen que estar.

Conta, igualmente, a parroquia con importantes restos romanos como son unha gran cantidade de *tégulas* que apareceron nunhas leiras que hai ó lado das últimas casas da aldea en dirección a Pedramaior, á esquerda da pista, chamadas As Cruces. Mesmo se nos ten informado dunha ara romana que estivo algún tempo nunha casa particular e da que agora se descoñece o seu paradoiro.

7. UNHA PARROQUIA CUN ASOCIACIONISMO MOI VIVO

Desde hai anos, en Carreira está moi arraigado o asociacionismo. Contra 1992 fundouse a **Asociación Veciñal Parroquial O Santiaguíño de Carreira,** que, entre outras iniciativas, é de salientar a da recuperación do cultivo do liño -que lle deu sona á parroquia-, a construción da pequena praia fluvial do Prado Vello, a construción dun cemiterio civil e parroquial, a cría de cabalos ceibos no somonte do Pico de

Meda, a restauración dunha casa tradicional para local social etc.

A **cría que cabalos en liberdade** nos montes da aba oeste do Pico de Meda contribuía a reducir os incendios. Durante varios anos houbo, incluso, rapa das bestas nun día sinalado do mes de xullo. Os veciños xuntaban os cabalos no monte e baixábanos para un curro, onde os "aluitadores", despois de xebraren as crías, trataban de reducir os animais adultos tirándoos ó chan para logo cortarlles as crinas. Ó mesmo tempo desenvolvían unha serie de actividades. O ano que máis cabalos houbo foi no 2012, con 84 animais.

Por problemas coa Administración, os organizadores tiveron que vender os cabalos e as bestas e desde o ano 2013 xa non hai rapa, e a celebración só quedou no recordo. Desde novembro de 2015 xa non hai cabalos ceibos nos montes de Carreira.

No outono do 2013 os membros da asociación ergueron unha **cabana** tradicional preto da igrexa para o conservado da palla de millo que tradicionalmente se gardaba para darlle de comer ás vacas durante o longo inverno. Era unha cabana idéntica a aquelas que se deixaron de facer polos anos setenta ou oitenta do pasado século.

Ben por descoido ou intencionadamente a esa cabana alguén lle plantou lume e ardeu por completo e, novamente, no outono do 2015, volveron facer outra, que é a que permanece a día de hoxe (decembro 2017).

A cabana do 2015 (foto EDR)

8. CARREIRA, TEMA DE ESTUDO DUNHA ANTROPÓLOGA CANADENSE

Quizais atraída polo movemento veciñal e asociacionista dos habitantes de Carreira a principios dos anos noventa do século pasado, esta parroquia foi escollida pola antropóloga canadense **Sharon R. Roseman** para a realización dun estudo que logo foi tema da súa tese de doutoramento na Memorial University of Newfoundland (Terranova e Labrador, Canadá), na cidade de St. John's[1].

A antropóloga Sharon R. Roseman, en 2008

Sharon coñeceu Carreira no ano 1989, cando acompañou unha mestra amiga dunha escola unitaria xalleira do "outro lado do Pico de Meda" visitar outra colega que vivía nesta aldea. Considerando que era o lugar ideal que andaba buscando para levar a cabo o seu traballo de campo, comentoullo ós donos da casa onde estaba, Perfecto Fuentes e Delfina Mallón, e estes convidárona a vivir con eles durante un ano, se o desexaba.

Sharon aceptou encantada e pasou en Carreira convivindo coa familia Fuentes Mallón un ano longo (1990-1991). Alí aprendeu o noso idioma, o galego, á perfección. Dous anos despois, en 1993, presentaría a tese de doutoramento no seu país e empezaría noutras partes de Galicia outros proxectos de investigación, pero sempre que podía volvía pola parroquia para seguirlles agradecendo ós seus anfitrións, e a todos os veciños de Carreira e Pedramaior en xeral, a súa colaboración e apoio.

Bastantes anos despois publicaría nunha editorial galega un libro non só cun resumo do contido da súa tese, senón tamén con engadidos posteriores, pois na freguesía producíranse novidades importantes tras a súa marcha, con este título: *O rexurdimento dunha base rural no concello de Zas: O Santiaguiño de Carrei*ra (2008; Bahía Edicións, A Coruña).
Consta de cinco capítulos, que son os seguintes:

1. "O rexurdimento desde unha base rural".
   Neste capítulo trátase o valor cultural e antropolóxico das festas, en particular a de santa Mariña, a organización da Asociación de Veciños na década de 1990 etc.

2. "A reivindicación dos dereitos sobre a paisaxe galega".
   Neste capítulo analízanse os traballos comunitarios, o proxecto de praia fluvial no río, a defensa do espazo comunal do Pico de Meda (na década de 1980 instalárase na súa parte máis alta unha torre de

[1] Sharon R. Roseman (1993): *Santiago de Carreira: stories of labour in a comunity og Galician worker peasants* ('Santiago de Carreira: historias e traballos nunha comunidade labrega galega'); tese de doutoramento na McMaster University, Canadá.

Telefónica), a reforestación de 145 ha de montes comunais (1995), a introdución de cabalos e bestas salvaxes (contra o 2000) e de vacas marelas (2007) como un medio de limpeza do mato do monte e, así, contribuír a evitar os incendios forestais. No ano 2002 había nove cabalos e dez e sete poldros. Así como anos atrás se creara a Festa da Praia, tamén se creou a Rapa das Bestas de Carreira, que tivo a súa primeira edición en 2003. Nos anos 2012 e 2013 chegou a haber máis de 80 equinos. Tomárase como exemplo a recuperación doutra rapa na comarca: a da Areosa (Calo-Vimianzo). Ó ano seguinte (2004) construíuse un curro onde encerrar os cabalos e bestas para a rapa".

3. A recuperación da artesanía do liño: os fios do pasado e o reforzamento da identidade galega no presente".

   Neste capítulo cóntase polo miúdo todo o proceso da recuperación do cultivo desta planta e do seu aproveitamento posterior para a artesanía téxtil, desde principios da década do 1990.
   É de salientar tamén o esforzo veciñal que supuxo a compra e restauración da chamada **Casa dos Caseiros** como local social da asociación O Santiaguiño, a partir de 1997. A restauración foi exemplar, pois respectáronse os elementos da arquitectura tradicional, evitando o uso do cemento. Inaugurouse no ano 2000.

4. "O lugar de repouso de todas e todos: o novo cemiterio".



Portada do libro de Sharon R. Roseman sobre Carreira (2008). Infortunadamente, agora xa nos hai cabalos bravos nos montes do Pico de Meda

Rapa das bestas no curro de Carreira de 2013 (foto EDR)

1992: unha parella de vacas mallando no liño (foto EDR)

9. PARROQUIA PIONEIRA NA RECUPERACIÓN DO LIÑO

O 13 de febreiro de 1992 é a data oficial da creación da asociación veciñal e parroquial *O Santiaguiño* de Carreira, que contou con 150 socios fundacionais. José Gabín (presidente), Carme Riveiro (secretaria) e Perfecto Fuentes foron os seus principais impulsores. Entre os obxectivos fundamentais desta asociación estaba a recuperación de tradicións culturais e sociais xa desaparecidas.

Axiña xurdiu dun dos membros da directiva a idea da recuperación do cultivo do liño, desde o momento en que se sementa ata a fía, considerando incluso a posibilidade de volver facer pezas de roupa con este material. Recuperaríase así un labor tradicional perdido había máis de corenta anos, e volveríase a unha idílica colaboración comunal que nos días actuais xa non se estila. As tarefas artesanais dedicadas ó liño -segundo o investigador X. M. Gil de Bernabé-, son longas, fatigantes e complicadas, debido a que esta planta é moi esixente e posesiva no seu trato. Con todo, estas tarefas fan proliferar moitas actividades, individuais e colectivas, nas que a muller -aínda que o home tamén participa, pero como elemento secundario- ten o papel principal; case todo o peso do traballo, esta é a pura verdade, vai sobre o lombo das mulleres.

Debanduira do local social da A. de VV. O Santiaguiño (**foto EDR)**

A idea tivo éxito e empezouse pola preparación do terreo, estercándoo (a tradicional mestura do toxo coa bosta) e labrándoo cun arado de pau, tal como se viña facendo desde tempo inmemorial; despois arouse cun arado de ferro, gradouse e achanzouse cun enciño (co que se lle quitou tamén as pedras á leira). Unha vez ben preparado o terreo seméntase a *liñaza* (semente do liño), que foi mercada en Ourense: catro quilos da variedade 'Belinka' -orixinaria de Francia- e seis quilos da variedade común, procedente de África e adquirida nunha droguería de Ordes, onde a tiñan para remedios caseiros. O labor da sementeira fixose no mes de abril, nunha leira de case un ferrado de superficie, propiedade dun dos membros da asociación. O traballo anterior realizouno totalmente a man, ó xeito tradicional, un socio de 80 anos -o Comareiro de Pedramaior- que lembraba como se facía cando el era novo. O ciclo do liño dura uns tres meses.

Quince días despois da sementeira houbo que lle arrigar as malas herbas (a planta nace entre os días terceiro e oitavo), traballo moi delicado que foi dirixido por un equipo de monitoras, cun grupo de alumnos ó seu cargo. A pouco de despuntaren as plantas o campo semella cuberto por un manto verdexante, e aínda houbo que facerlle sachas -cando a planta rolda os 12 cm- e regas novas.

Sarillo do local da A. de VV. O Santiaguiño (foto EDR)

O liño mantívose na terra verde ata finais de xullo, que foi cando se arrincou ó ter o bagaño dourado.

> "O liño solta un bodoque cunha floración branca, e ó estar de cor amarela -polo mes de xullo ou ben en agosto- provoca unha dilatada e complexa lista de actuacións: faise o 'arrigado' (termo popular para designar a arrancada ou recolección), faena que consiste en ir sacando a planta con moita cautela ata que se desprende a raíz sen dificultade" (Gil de Bernabé; 1992: 36).


Aparello para facer as 'canillas' que se usarán no tear (A. de VV. O Santiaguiño). Foto EDR

Despois de arrigado, o liño púxose en mandos ó cruzado para facilitar o seguinte labor, que é o *ripado*. Nesta segunda fase -e logo de repousar o liño un día ou dous- leváronse a unha eira os feixes e alí desatáronse; o ripado consiste en separar o bagaño (especie de boliñas que conteñen as sementes ou liñaza) do liño co *ripo* ou *ripanzo*, especie de peite vertical de madeira de castiñeiro cos dentes serrados e longos, de puntas bastas, montado no medio dun banco. Para ripar colocáronse dúas persoas sentadas no banco, unha fronte á outra e cunha perna por cada flanco; colleron os mangados pola raíz e despois botáronos,

alternativamente, contra as púas: mentres un baixaba o liño, o compañeiro levantábao, dando lugar a un movemento repetido que provocou o desprendemento do gran encapsulado, para caer este sobre unha especie de manta que se puxo por debaixo (*o alimpeiro*), e evitar así que se manchase coa terra.

O bagaño botouse tres días a fermentar totalmente fechado nos alimpeiros ata que deitou toda a auga e fermentou. Púxose logo ó sol para que abrise e soltase a nabiña ou liñaza, que se gardou para a semente do ano vindeiro.

Despois do ripado veu o *alagado* ou *empozado* do liño: bañar os feixes en auga para que maceren. Con varas de vimbio atáronse os feixes -dentro dos que se meteron anacos de broa para evitar que o coman as lesmas máis adiante- e leváronse ó río de Mira, que pasa a uns 300 metros do lugar. Metéronse nun burato ou represa con pedras por riba para que quedase totalmente somerxida e mais para que non os arrastrase a corrente. Estes lugares do río onde se meteu o liño chámaselle aquí *lagaduiros*, e ós feixes *lagueiros.* Houbo vinte e dous lagueiros no río durante nove días.

Pasado este tempo, quitáronse os lagueiros das augas e laváronse ben alí mesmo, para o que se fixeron especialmente uns lavadoiros de pedra. O lavado non foi un labor moi agradable, polo cheiro que o curtido desprende. Púxose a escorrer en pequenas moreas en forma de meda coas raíces cara a arriba; despois estendeuse nun herbal coa herba acabada de cortar. Pasados outros nove días recolleuse e atouse de novo en feixes coas mesmas varas, e levouse nun carro de vacas a unha eira para mallalo. Para a *malla* aproveitouse un día de moito sol, pois facilita moito o mallado a calor para que escache mellor a *aresta* ou cana de madeira, posto que o que serve é a codia de fóra (o resto non se aproveita); utilizáronse dúas parellas de vacas, e para que os animais non fixesen as súas necesidades, ía unha persoa detrás delas cun caldeiro preparado... Cada pouco tempo había que darlle a volta ó liño coa forcada, e retirarlle a aresta que ía ceibando.

No mesmo día, unha vez mallado, *estrigouse*: consiste en facer pequenas moreas, retorcéndoo e poñendo cadansúa morea unha enriba doutra (para saber a qué monitora ou grupo de alumnos correspondía cada morea ou *estriga*). Despois duns días aproveitouse un día que quentou ben e puxéronse as estrigas ó sol.

Recolleuse e *amantouse*; é dicir, tapouse con mantas de la e meteuse nunha corte do gando durante unha noite, para que non perdese a calor. Pasouse despois ó *tascado*, que consiste en pasar as estrigas por un *tascón* (unha táboa vertical cun dos cantos afiados coma un coitelo) agarrando cada mangado ou manchea polos dous extremos e facendo forza contra o aparello para que lle siga caendo a aresta; como xa se ían arrefriando as derradeiras estrigas, metéronse nun forno de pedra. Cada monitora, acompañada polo seu grupo de alumnos, tascou tres *efusais* (cada efusal tiña 24 estrigas).

O seguinte paso foi *espadelar*, que consiste en apoiar os mangados de liño nunha táboa e golpealo de cada lado alternativamente; sácaselle así outro pouco de aresta e empézase a separar a estopa dos *cerros*, dos que se sacará o lenzo.

Pasouse logo ó *restrelado*, que consiste en pasalo por un *restrelo* ou trebello feito de madeira, no que hai cravadas varias puntas ou dentes bicudos de ferro, moi mestas, seguindo así o proceso de separación da estopa do cerro. Do cerro fixéronse as estrigas máis pequenas cás que se fixeran antes; e da estopa fixéronse os *manelos*, que son mangados redondos.

Finalmente, entregouse a cada fiandeira unha libra e media de estopa e unha libra de cerro (unha ducia de cerros dan unha libra, aproximadamente).

A *Casa dos Caseiros*, exemplarmente restaurada polos veciños para local social da asociación *O Santiaguiño* de Carreira (foto EDR)

Para seguiren escrupulosamente a tradición, a directiva da asociación *O Santiaguiño* institucionalizou para o sábado seguinte ó día de Reis, a comida ou **Albaroque das Fías**, coincidindo coa entrega das mazarocas por parte das fiandeiras.

A primeira destas celebracións tivo lugar no local da asociación en Carreira o 9 de xaneiro de 1993, asistindo á comida máis de 300 persoas, procedentes non só da propia parroquia, senón tamén de vilas da redonda, coma Zas e Baio. Procurouse que o menú coincidise exactamente co que corenta anos

atrás daban os labregos ás xornaleiras que se encargaran dos labores de transformación do liño: un caldo con mingallas de pan con chícharos, bacallao con patacas e papas de arroz, broa e unha copiña de augardente ó remate.

O segundo xantar das fías xa non se celebrou en Carreira, senón en Baio, o 8 de xaneiro de 1994. Por discrepancias entre membros da xunta directiva de *O Santiaguiño*, un grupo deixou esta asociación e creou outra, *Amigos do Liño*, aberta a socios de toda a provincia da Coruña.

Esta recuperación tivo a súa importancia económica posto que hoxe en día tres mulleres teñen os seus ingresos na confección de prendas de liño, traballo que levan a cabo no local social da asociación. Onde está, tamén, o único bar da parroquia.

Amigos do Liño trasladara a súa sede a Baio hai anos, e nesta localidade celebra todos os anos o Albaroque das fías, con desfile de modelos. Tamén leva anos participando na Mostra de Artesanía en Vivo do Castelo de Vimianzo.

O Santiaguiño leva participando desde hai anos na Mostra do Encaixe de Camariñas, e, dun tempo a esta parte, tamén na Mostra de Artesanía en Vivo do Castelo de Vimianzo.

10. CARREIRA NOS TEXTOS HISTÓRICOS[2]

Ano 1592: As obrigas feudais dos veciños co conde de Altamira

O que vén a continuación é un resumo dos deberes dos veciños para co conde de Altamira, pois eran vasalos del na medida en que a parroquia pertencía á xurisdición de Vimianzo. Tamén se fai mención dos dereitos que tiña o conde na freguesía.

> *"Matar un lobo cada año en dicha feligresia y no lo matando cada vecino debe dar un carnero de un año o real y medio.*
> *Pagar en cada un año treinta reales e veinticuatro maravedis de Pedido, por razón de la parte de una vaca que le cabe a dicha feligresia.*
> *La viudas dos gallinas o por ellas su valor, las que tienen yeguas e ayudaren a majar con ellas no pagan ninguna cosa y asimismo la viuda que pague media premicia no paga gallina.*

[2] En todos estes documentos antigos respectamos a ortografía do castelán da época, aínda moi caótica. Unicamente separamos as moitas palabras que no Catastro de Ensenada aparecen pegadas entre si para facer comprensible o contido.

Valado na aba oeste do Pico de Media, con servidume de paso para os pequenos animais montesíos. No centro, ó fondo, a localidade de Zas
(foto XMLS)

Llevar el pan de manoxos que coxe el Conde en la feligresia asi de novaos como de quintos a la eira de Carreira e alli lo cubran, enmedan e maxan cada un año y el Conde les ha de dar de comer e beber mientras lo maxaren e beneficiaren.
Cada vecino que se muere ha de pagar una luctuosa (...).
Esta en posesion el Conde de presentar la sincura e beneficio patrimonial de la feligresia de Santiago de Carreira. Lleva de la dicha sincura e diezmo que a ella se paga por los vezinos e feligreses las dos tercias partes enteramente de todo el diezmo y el clérigo curero la otra tercia parte (...)"[transcrición de Juan López Bermúdez, médico de Toba-Cee].

Ano 1607.- A descrición do visitador Jerónimo del Hoyo

SANTIAGO DE CARREIRA (cabeza).- Esta felegresía tiene veinte y tres feligreses. Los fructos tres partes, la una y un dezmero lleva la cura que valdrá dies y seis cargas de todo pan y las dos, por sincura patrimonial, el Conde de Altamira, cuya es la presentación alternativamente con Suero Gómez de Sotomayor. La fábrica tiene ciertas leiras que andan arrendadas en cinco ferrados de trigo.

1753: no Catastro de Ensenada

Por esta época a parroquia de Carreira pertencía á xurisdición real de Soneira, acumulativa á de Vimianzo:

> (…) las referidas feligresias de (…) de Santiago de Carreira (…) son parte de las que componen la Jurisdicion de Bimianzo y del señorio del Conde de Altamira quien posee la Regalia de poner en ellas Juez y escribano de numero Con Advertencia de que (…) son acumulatiuas de la Jurisdicción real de Soneira Cuio Juez conoze en ellas a preuencion de todas causas Civiles y Criminales, aunque como todas las más acumulatiuas Contribuien con los Derechos reales ala Jurisdicion de Bimianzo como principal caueza.

O tamaño, a forma e os lindes dos que se nos informa eran un pouco diferentes ós actuais:

> La de **Santiago de Carreira** ocupa de L [levante]a P.[poñente] media legua y de N. â S. otra media, y de circunferencia dos ô quatro horas de Jornada Limita por el L. con san Julian de Santa Sauina P. sª María de Lamas N. sª María de Gandara S. santa Maria de Mira su figura redonda.

Non hai moitos anos había fermosos cabalos en liberdade nos montes do Pico de Meda (foto XMLS)

Numerosas eran as cargas ás que estaban sometidos os seus habitantes. Véxase os seguintes datos:

> (…) Y en la de **Carreira** percibe de Gregorio Ferreiro, Domingo de Santos, Pedro Dominguez, Domingo Vezino Joseph Muiño y Mathias Roxo los servicios de Carnero del Louo, y vasallaxe, el de Luctuosa que como en todas las mas Fras [freguesías] de una alaja de quatro pies del que acaece morir las penas de Camara en que se multe a los reos, el ganado mostrengo y sin dueño y el noveno de los montes que se estiuaden (…).

> (…) Y en la frª de **Carrª** el de Carnero del Lobo a nueve reales, el de Vasallaje a nueve reales, el de luctuosa â ocho reales, las penas de Camara a seis reales; el Ganado mostrengo â ocho reales y

el noveno de los montes a doze reales.

(…) digeron que los derechos que se hallaban puestos sobre las tierras de las fras. de Carreira (…) son: Diezmo, Primicia, Oblata y pagan los vezinos dcha. primicia por Casales (…).

En la Feligresia de Sant^{o} de Carreira percibe el Conde de Altamira las dos tercias partes de los diezmos y Primicias y la tercia restante la percibe Con el Diezmero enteramente y la oblata el cura parrocho (…) ascenderán los diezmos a mil y quinientos reales en los que se incluien onze Reales correpond^{es} a un diezmero las Prim^{as} a trescientos Nobenta y seis R^{es} vellón la oblata a ducien^{os} quar^{a} y el voto a ciento quar^{a} y quatro R^{s} según posteriorm^{e} trajo en arriendo Juan Riveiro (…).

En canto ós cultivos e especies arbóreas que se daban na época, temos o seguinte: "(…) por lo regular hai las Especies de sembradura de Maiz, trigo, Centeno, Lino, nauos, y algunas berzas o Coles que se Coxen sin que de ellas se haga comercio alguno.

Polo que se refire ás plantas forestais teriamos que habería "Robles, Toxales, montes que se estiuadan y otros incultos por naturaleza. Pero tamén se aclara que al respecto: "no ai arboles en dichas poblaciones".

Os animais domésticos que había: "(…) las Especies de Ganados que hai en dhas. poblaciones y sus terminos son como se lleua dho. Bueis, Bacas, ôuejas carneros y cabras, algunas hiegoas, pôtros que a excepción de algunas reses de vezinos que tienen en el monte sus dueños (…)".

Gando ceibo na aba oeste do Pico de Meda, hai uns anos (foto XMLS)

Aínda que os cursos de auga do interior da parroquia ten moi pouca entidade e o río principal soporta un desnivel moi escaso, iso non impedía que na parroquia houbese cinco muíños:

(…) hai Cinco ruedas de Molino negras propias del v^{no} llamado de Gosende sobre el rio bao de Gosende con el que muele por Canle nueve meses al año de Mathias Domínguez y consortes (…) otro llamado da Ferreira sobre el rio da

> Represa en el que muele por Canle nuebe meses al año de Dⁿ Pedro Varela de Mato (…) otro llamado prado vello sobre el rio llamado Cornia con el que muele por Canle nueve meses al año de Dⁿ Gregorio Varela y consortes (…) Otro llamado de porta Ferreira sobre el rio bao de Loureiro Con el que muele por canle todo el año de Lorenzo de Cardezo vezino de frª [feligresía] de sª Maria de Baio (…) y el otro llamado de Braña sobre el rio llamado fuente cedeira con el que muele por canle seis meses al año de mathias Roxo y consortes

Para ser unha parroquia non moi extensa dá a sensación que estaba bastante densamente poboada: " (…) en la de Santiago de Carreira hai quarenta y quatro vecinos.(…) en la de Carreira hai tres Pobres". Neste minucioso inventario non falta nin as casas en ruinas. Chama a atención que os seus propietarios parece que eran todos fidalgos, unha mesmo do conde de Altamira: "(…) y en quanto alas arruinadas por desidia de sus Dueños hai en Carreira una de Dⁿ Jorxe Caamaño otra del Conde de Altamira, otra de Pedro Souto de Picon y otra de Dⁿ Federico Romero, (este último era o dono do pazo de Follente).

A maior parte dos vecinos eran labregos. Os que tiñan outras ocupacións eran estes**:**

> "Antonio de Lema **(**soldad**o** del Reximiento de Milicias arreguladas de la Ciudad de Santiago), Gregorio Varela, Pedro Varela de Mato y Andres Varela de Mato hermano de Pedro (Escriuanos de S.M**.),** Juan Gianza (estanquillero), Josepha de Lema (cardadora); Agustin Parga, Juan Gianza, Domingo Ferreiro e María Vermudez (tecedores), Antonio de Lema (Ferreiro), Thomas Anido (hierno de Simon de los Santos) (xastre) e Juan Riveiro (arrendatario do voto) – este era veciño de San Martiño de Meanos-

No *Diccionario* de Pascual Madoz (c. 1847)

> CARREIRA (SANTIAGO DE).- felig. en la prov. de la Coruña (7 ½ leg.), dióc. de Santaigo (6), part. jud. de Corcubión (5 ¾), y ayunt. de Zas (1 ½): SIT. sobre la carretera de Corcubion a la Coruña; con buena ventilación y CLIMA sano. Tiene unas 40 CASAS diseminadas, si bien formando los l. o ald. de Carreira y Piedra-mayor. La igl. parr. (Santiago) es anejo de Sta Maria de Gándara con quien confina su TERM., en el cual se encuentran fuentes de aguas potables y algunos arroyuelos insignificantes en el verano. El TERRENO participa de monte poco poblado y llanos de mediana calidad; los CAMINOS locales y la mencionada carretera, están mal cuidados; el CORREO se recibe por la cap. del ayunt. PROD.: maíz, algunas legumbres, patatas, lino y pastos; cria ganado prefiriendo el vacuno. IND.: la agrícola y telares caseros. POBL..35 vec., 203 alm. CONTR. con su ayunt,

Os datos de Carré Aldao (c. 1928)

> **Santiago de Carreira,** filial de Gándara. Está al O. de Pico de Meda y es Tierra de Soneira, y sus aguas van al río do Porto. La escuela nacional de niños lleva la denominación de Gándara y Carreira, por estar entre las dos. No cuenta sino con el lugar de Carreira y las dos aldeas de Pedra-mayor y Vila-estévez con 348 habitantes de hecho y 358 de derecho, repartidos en 109 viviendas.

11. OUTRAS CURIOSIDADES HISTÓRICAS DE CARREIRA (SÉC. XIX)

Un cabazo de pedra gañado no xogo (1847).- Hai un cabazo de pedra en Carreira no que se aprecia unha feitura distinta ós outros do lugar. Trátase do cabazo chamado do Moreno, que leva inscrita nun penal a data de 1847. Este hórreo ten unha curiosa e á vez triste historia, narrada por Ramón Romar López, baiés de Fornelos residente en Madrid, no seu libro *Ancestros y vivencias* (1998: 59-60).

Ramón Romar recolle nesta obra a historia dos seus antepasados baseándose en documentos familiares e, sobre todo, nos testemuños orais dos membros máis anciáns da súa familia. E deste xeito foi quen de chegar a un deses devanceiros, José Miguel López, vinculeiro da Casa do Vao de Fornelos, que a mediados do séc. XIX acabou perdendo todos os bens pola súa ludopatía. Un deses bens perdidos foi un hórreo de pedra de seis pés, de traza xeométrica, e quen llo gañou nunha partida de cartas foi un escribán veciño de Carreira, chamado Antonio Montero, que mandou a Fornelos -distante de Carreira 12 km- varios carros para trasladar o edificio. Ó sentir chegar os carros, José Miguel fuxiu para o monte avergonzado, e a súa muller, Xoana, que non sabía nada do asunto, foi maltratada ó ofrecer resistencia. Ó final o hórreo foi desmontado peza a peza e trasladado a Carreira, e xa non houbo volta de folla: nunca se recuperou, e alí segue actualmente. É o cabazo da chamada Casa do Moreno ou da Señorita, hoxe abandonada, que tamén contaba cun dos tres pombais que hai na parroquia; os outros dous un é coñecido como do Artilleiro e o outro esta na casa do Castro, a rentes do castro e da aldea de Vilaestévez (Gándara)

O cabazo de pedra gañado en 1847 nunha partida de cartas (foto EDR)

A familia carreiresa dos Montero de Carreira, **na alcaldía de Zas de 1894 a 1971**.- O citado Antonio Montero aparece citado en 1856 nas actas municipais do Concello de Zas como escribán. Seguramente foi o pai de Manuel Montero Torreiro, natural de Carreira, que, por 1879 e anos posteriores foi secretario do Concello en diversas etapas e logo alcalde entre xaneiro e outubro de 1894, e desde decembro de 1894 ata decembro de 1914.

Un fillo seu Maximino Montero Barreiro, tamén tivo o bastón de alcalde nos seguintes períodos: de xaneiro do 1915 a setembro de 1923; de marzo de 1931 a febreiro de 1936; de outubro de 1936 a setembro de1959 e de febreiro de 1961 a xaneiro de 1968.

Por último o seu neto, Maximino Manuel Montero Romero, herdou a alcaldía e rexentou Zas de setembro de 1959 a febreiro de 1961 e de xaneiro de 1968 a abril de 1971.

En total esta familia orixinaria de Carreira gobernou os destinos de Zas durante mais de 70 anos.
Será de aí onde viña a denominación, hoxe en desuso, de Zas de Carreira para a capital do concello?

Desestímase a reclamación da *Señorita* de Carreira.- En 1886, nunha das actas de pleno do Concello desestímase a reclamación dunha muller de Carreira, coñecida na tradición popular coma a *Señorita*, nestes termos: "Tiene una renta de 30.000 reales y consume al año 48 ollas de vino, 1460 libras de pan, 500 ferrados de maiz en alimentacion de jornaleros y ganados, 50 quintales de patatas, una carga de habichuelas y garbanzos, con las carnes frescas y saladas para la manutención[3]" .
A Casa da Señorita é a mesma que a do Moreno, a do hórreo de Fornelos e dun dos tres pombais que hai na parroquia. Hoxe, infortunadamente, está abandonada. Polo lugar onde se instalou o cabazo é posible que tamén fose a casa onde naceron ou viviron os Montero dos que se falou máis arriba. Nese momento o alcalde era Cesáreo Astray, do partido opositor ós Montero.

[3] Cada carga eran 12 ferrados.

Estado actual de casa da Señorita ou do Moreno (decembro de 2017). Foto EDR

12.- FESTAS PARROQUIAIS

As festas empezan en Carreira o luns e o martes de pascua, festexándose o primeiro día á **Virxe do Rosario** (había verbena con pasarrúas de gaiteiros e xantar familiar) e o segundo a **santo Antón**, santo avogoso para recuperar ovellas ou calquera outro animal perdido (celébrase simplemente cun xantar, sen verbena).

O patrón, **Santiago**, coñecido familiarmente como *O Santiaguiño*, ten a festa o 23 de maio (e non o 25 de xullo, como era de esperar). Había xantar familiar, pasarrúas e verbena nocturna. Cando existía o servizo militar obrigatorio era un santo avogoso para que os soldados volvesen del sans e salvos.
Así e todo, as festas principais da freguesía non son as do patrón, senón as do 18 e 19 de xullo, en honra a **santa Mariña** e a **san Roque**, respectivamente. San Roque protexía contra as enfermidades e a peste.

Santa Mariña de Carreira é unha santa moi venerada nas parroquias orientais de Soneira e occidentais de Xallas, por onde se invoca para que as femias dos animais domésticos- especialmente as vacas- queden preñadas e despois pairan felizmente. Con este obxectivo, os devotos da redonda facían estourar no día da súa festa gran cantidade de potentes foguetes.

Este costume fogueteiro xa viña de vello e, dalgún xeito, xa pasou á nosa literatura, pois esta festa foi tema para unha das poesías populares do poeta xalleiro-cubano **Xosé Baña Pose (Pepe de Xan Baña)**, que estivera convidado a xantar (tal vez o 18 de xullo de 1921) na casa de Mallón de Pedramaior. Obsérvese como, seguramente pola estraña iconografía da imaxe da santa (con ese dragón ós pés que lle soían poñer os artistas debido a unha confusión con santa Margarida), o propio párroco daqueles anos dicía que aquela santa de Carreira era "extranxeira" e non galega (lémbrese que a tradición popular considera que é santa galega ou, polo menos, "intensamente galeguizada", en base ó santuario de Sta. Mariña de Augasantas, en Allariz-Ourense).

Transcribimos toda esta poesía ó completo, contida na edición que sobre a obra do autor xalleiro fixo Xosé Mª REI LEMA (2005: 274), respectando a ortografía e os modismos do autor, con enxebres palabras e formas específicas das Terras de Xallas e Soneira:

Apoloxía de Santa Mariña de Carreira, polo crego da parroquia

A festa de Pedra Maior
fun chamado, por Mallón,
que fun da casa siñor
dunha alta distinción.

Aquel home, que levou
millóns de reás de aquí
que Espasandín o chamou,
pra fillo herdeiro de si.

Con el dun ademirado,
pra misa do mediodía,
pola casa e polos bens
que ó seu derredor había.

No medio da misa o crego
dixo a vida da santiña,
que a tuveron por home;
¡por Mariño! e non Mariña.

«Hai dúas santas Mariñas,
a nosa é extranxeira,
a outra sei que é de Orense,
que disque foi fogueteira.

Por ter un touro dos bos,

Imaxe de Santa Mariña de Carreira (XMLS)

prás vacas dos seus veciños,
que cada ves que as cubría
botaba a Dios foguetiños.

Esa é a mesma que
dendes de Baio pra baixo
lle botaban tantos foguetes,
darredor do seu rofaixo.

Por eso as vacas de alí
andan os bois decontado,
porque a paisana dos cordeiros
lle bota o resalvado[4].

A de aquí, ¡miña probiña!
¡cantos traballos pasou!
¡cantas calunias, Mariña;
ese mundo che botou!

Como dixen; era nena
e púxose uns pantalóns,
e metiuse nun convento
de homes ¡Santos Varóns!

Quedou unha neniña orfa,
e recolliuna, Mariño
dándolle o caldo e broa
como se fora filliña.

Os mesmos compañeiros,
co mundo aseguraban
que Mariño era pai
da neniña que insinaban.

O mesmo que fan aquí
conosco, moita xente;
hai por aí nunha barriga:
¡éche do crego doente!

Morriu Mariño, ¡que muller!

[4] Castelanismo, por *farelo* ou *relón*.

todo o mundo adimirado.
¡Era unha santa! ¡unha virxen!
sen xamás haber pecado!'

Eu, que dese crego oín,
cousas de ser bo pai,
quedei pensando pra min:
pois que rexistrarte hai.
(Pepe de Xan Baña.- *Suspiros n'a terriña*; La Habana-Cuba, 1922).

13.- INVENTARIO DOS BENS DO PATRIMONIO DA PARROQUIA DE CARREIRA (SEGUNDO O *PXOM*)

Arquitectura	**Arqueoloxía**
1.- Igrexa parroquial de Santiago de Carreira 2.- Cruceiro no Igrexario 3.- Cruceiro en Carreira 4.- Cruceiro no Campo da Festa de Carreira 5.- Cruceiro da Rapada (Pedramaior) 6.- Recinto cerrado con casa, alpendres, hórreo e pombal na casa de Moreno 7.- Casa en Carreira 8.- Casa Mallón (Pedramaior) 9.- Pombal do Moreno 10.- Pombal do Artilleiro	11.- Xacemento de Carreira. Agra das Cruces 12.- Mámoa de Pedra da Xesta (Pedramaior)

14.- BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- BOUZA BREY, F. (1968): "Escultura de Santiago peregrino de época medieval", en *Compostellanum* vol. XIII, nº 2º (abril – junio).

- DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): "Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas", en *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.

- DOMÍNGUEZ RIAL, E. (2000): "Carreira, a das alturas e chairas, *La Voz de Galicia*, 16 abril.
- GIL DE BERNABÉ, X. M. (1992): *O liño*; Ir Indo Edicións, Vigo.

- LEMA SUÁREZ, X.Mª (1993): *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira* (tomos II e III); Fundación Universitaria de Cultura; Santiago de Compostela.

- LEMA SUÁREZ, X. Mª e Eva LÓPEZ AÑÓN (2011): *Iconografía xacobea nas igrexas e*

santuarios da Costa da Morte; Seminario de Estudos da Costa da Morte, Vimianzo.

- LEMA SUÁREZ, X.Mª (coord. e dir.) e outros [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.Mª REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

- REI LEMA, X. Mª (2005): *As historias de Pepe de Xan Baña. A obra de Xosé Baña Pose*; tresCtres Editores, Santa Comba.

- ROMAR LÓPEZ, R. (s/d: 1998?): *Ancestros y vivencias*; edición de autor.

Outras obras de carácter xeral:

- CARRÉ ALDAO, E. (c. 1928): *Geografía General del reino de Galicia* (dir. por F. Carreras i Candi), vol. VI; Barcelona.

- CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA (http://pares.mcu.es/Catastro/).

- HOYO, J. del (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago (1607)*; edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácome; Porto Editores, Santiago.

- ILG (USC): *Cartografía dos Apelidos de Galicia* (https://ilg.usc.es/cag/)

- MADOZ, P. (1845-1850): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*; Madrid.